



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN A AUTONOMÍA PERSOAL NO MEDIO RURAL NO EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade(COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento dun proxecto de promoción da autonomía persoal e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, en concreto un proxecto de empoderamento da persoa con discapacidade residente en contornas rurais contando cunha metodoloxía de intervención á persoa dende a idade temperá, de cara a mellorar ao máximo o seu desenvolvemento persoal e social e prever a situación de dependencia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública. Ambas partes son conscientes da necesidade de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade no medio rural tendo en conta que a falta de accesibilidade, o envellecemento e a dispersión da poboación fan necesario habilitar solucións ás demandas das persoas con discapacidade que viven no rural na contorna onde se desenvolven, na medida en que estas precisan de maiores necesidades de apoio e co obxecto de facilitarlles as maiores cotas de independencia e autonomía persoal.

Este proxecto goza da singularidade precisa para fundamentar a concesión directa da subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos que se prevé a posibilidade de excepcionalar o réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o





seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

